



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE COMERCIO EXTERIOR

**Decembro 2020**

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- PRINCIPAIS RESULTADOS

A taxa interanual das exportacións galegas en decembro de 2020 é do 6,8%, mentres que no conxunto do Estado é do 0,9%.

As exportacións de “Vehículos automóbiles; tractores” son as que teñen unha maior repercusión positiva na variación interanual.

As importacións diminúen un 1,4% con respecto a decembro do ano pasado, debido fundamentalmente á diminución nas importacións de “Combustibles, aceites minerais”. En España as importacións baixan un 3,3%.

Cadro 1.- PRINCIPAIS MAGNITUDES. AVANCE DE DATOS

Período	Exportacións/Expedicións		Importacións/Introducións		Saldo <sup>(1)</sup>	Taxa de cobertura (%) <sup>(2)</sup>
	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	
<b>GALICIA</b>						
decembro 2020	1.952.585	6,8	1.476.439	-1,4	476.146	132,2
xaneiro-decembro 2020	20.871.651	-6,0	16.597.360	-16,2	4.274.290	125,8
<b>ESPAÑA</b>						
decembro 2020	22.761.733	0,9	23.834.734	-3,3	-1.073.001	95,5
xaneiro-decembro 2020	261.175.458	-10,0	274.597.539	-14,7	-13.422.082	95,1

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

(2) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

## 2.- DATOS POR PRODUCTOS

### Exportacións

En decembro de 2020, en Galicia, as exportacións aumentan un 6,8% respecto ao mesmo mes de 2019 e no total deste ano 2020 a taxa de variación é dun -6,0%.


Os produtos con maior influencia positiva nas exportacións de decembro foron os “Vehículos automóbiles; tractores”, que, cun peso do 34,6% sobre o total das exportacións galegas e unha taxa interanual do 28,5%, repercuten en 8,2 puntos; seguidos, a moita máis distancia, polas “Prendas de vestir, de punto”; con 1,9 puntos. Pola contra, os produtos con maior repercusión negativa foron os “Combustibles, aceites minerais”, con -4,5 puntos.

No total deste ano 2020, as vendas ao exterior de “Prendas de vestir, non de punto” (-4,7 puntos), “Combustibles, aceites minerais” (-3,3 puntos), “Aparellos e material eléctrico” (-1,5 puntos) e “Prendas de vestir, de punto” (-1,4 puntos) son as que inflúen máis negativamente no comportamento das exportacións. Polo tanto, o grupo das “Materias téxtiles e as súas manufacturas”, que representa o 21,0% das exportacións neste ano 2020, resta en total 6,6

puntos. A influencia máis positiva corresponde ás exportacións de “Vehículos automóbiles; tractores” (7,6 puntos). (gráfico 1)

### Gráfico 1. Exportacións

Principais achegas á taxa do total en %




### Importacións

Os produtos que máis negativamente influíron nas importacións en decembro foron os “Combustibles, aceites minerais”, que representan o 5,8% do peso total e restan 10,9 puntos á taxa; seguidos, moito máis lonxe, polos “Cereais”, con -1,6 puntos; e as “Prendas de vestir, non de punto”, con -1,5 puntos. Pola contra, as maiores repercusións positivas atopámolas nos “Vehículos automóbiles; tractores”, con 4,9 puntos e os “Aparellos e material eléctrico”, con 4,8 puntos.

No total de 2020, os “Combustibles, aceites minerais” (-8,4 puntos), os “Vehículos automóbiles; tractores” (-3,4 puntos) e as “Prendas de vestir, non de punto” (-2,0 puntos) representan as maiores repercusións negativas á taxa de variación total, e os “Aparellos e material eléctrico”, a maior achega positiva con 1,1 puntos. (gráfico 2)

### Gráfico 2. Importacións

Principais achegas á taxa do total en %



### 3.- DATOS POR ZONAS XEOGRÁFICAS

En decembro, as expedicións dirixidas á UE27<sup>1</sup> (71,6% do total) presentan unha taxa de variación interanual do 3,4%. Entre os países cos que o peso do noso comercio é significativo, prodúcense os maiores ascensos en Polonia (94,2%) e Bélxica (30,7%); mentres que os Países Baixos (-25,9%), Portugal (-7,0%) e Alemaña (-21,1%) descenden. No caso das introducións procedentes da UE27, que neste mes de decembro representan un 55,6% do total, prodúcese un aumento do 3,4% debido fundamentalmente á subida das nosas compras ao país máis representativo, Francia (14,3%); aínda que descenden países tan importantes no noso comercio como Italia (-17,4%) e Alemaña (-14,8%).

Con respecto ao resto de países e no referente ás exportacións, destacaremos o aumento das dirixidas cara os países máis significativos, en especial o Reino Unido. Mentres que no concenrente ás importacións, aumentan as procedentes de China e diminúen as de Libia.

#### COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. DECEMBRO 2020. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
<b>TOTAL</b>	<b>1.952.585</b>	<b>100,0</b>	<b>6,8</b>	<b>1.476.439</b>	<b>100,0</b>	<b>-1,4</b>
<b>EUROPA</b>	<b>1.627.764</b>	<b>83,4</b>	<b>7,3</b>	<b>928.304</b>	<b>62,9</b>	<b>0,9</b>
<b>UE27</b>	<b>1.398.882</b>	<b>71,6</b>	<b>3,4</b>	<b>820.592</b>	<b>55,6</b>	<b>3,4</b>
<b>Zona Euro</b>	<b>1.172.731</b>	<b>60,1</b>	<b>-2,2</b>	<b>783.476</b>	<b>53,1</b>	<b>3,6</b>
Alemaña	68.598	3,5	-21,1	49.516	3,4	-14,8
Bélxica	66.256	3,4	30,7	11.693	0,8	-33,3
Francia	454.421	23,3	0,5	466.540	31,6	14,3
Grecia	31.733	1,6	-2,5	2.069	0,1	132,4
Irlanda	29.459	1,5	45,5	2.622	0,2	-7,8
Italia	159.524	8,2	3,0	50.553	3,4	-17,4
Países Baixos	70.671	3,6	-25,9	28.431	1,9	6,4
Portugal	247.124	12,7	-7,0	135.105	9,2	-2,2
Eslovaquia	9.834	0,5	3,9	19.576	1,3	-27,6
<b>Resto UE27</b>	<b>216.286</b>	<b>11,1</b>	<b>48,2</b>	<b>33.491</b>	<b>2,3</b>	<b>-3,5</b>
Dinamarca	20.661	1,1	160,2	4.771	0,3	-49,9
Suecia	21.304	1,1	28,4	7.692	0,5	35,8
Polonia	115.536	5,9	94,2	6.782	0,5	21,8
Romanía	24.982	1,3	-4,6	2.300	0,2	-44,3
<b>RESTO DE EUROPA</b>	<b>228.882</b>	<b>11,7</b>	<b>39,7</b>	<b>107.712</b>	<b>7,3</b>	<b>-14,9</b>
Reino Unido	131.981	6,8	23,9	66.844	4,5	175,7
Turquía	44.635	2,3	48,3	24.707	1,7	-29,9
<b>AMÉRICA</b>	<b>136.182</b>	<b>7,0</b>	<b>13,9</b>	<b>157.019</b>	<b>10,6</b>	<b>-14,6</b>
<b>AMÉRICA DO NORTE</b>	<b>52.730</b>	<b>2,7</b>	<b>2,5</b>	<b>10.575</b>	<b>0,7</b>	<b>-39,8</b>
Estados Unidos	47.000	2,4	1,0	9.984	0,7	-41,8
<b>AMÉRICA LATINA</b>	<b>83.004</b>	<b>4,3</b>	<b>22,8</b>	<b>108.880</b>	<b>7,4</b>	<b>-33,0</b>
México	18.928	1,0	9,9	43.274	2,9	-35,7
Arxentina	6.765	0,3	88,0	35.397	2,4	-2,4
<b>ASIA</b>	<b>79.352</b>	<b>4,1</b>	<b>-7,3</b>	<b>218.089</b>	<b>14,8</b>	<b>51,0</b>
Oriente Medio	36.868	1,9	35,7	5.694	0,4	41,9
China	10.754	0,6	-19,7	139.472	9,4	121,1
Bangladesh	8	0,0	-88,4	18.680	1,3	16,0
<b>ÁFRICA</b>	<b>97.504</b>	<b>5,0</b>	<b>1,5</b>	<b>165.540</b>	<b>11,2</b>	<b>-32,2</b>
Libia	809	0,0	-50,6	28.489	1,9	-50,3
Marrocos	61.269	3,1	2,2	58.880	4,0	1,0
Namibia	1.290	0,1	-36,4	18.774	1,3	17,6

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

<sup>1</sup> Dende o 01/02/2020 o Reino Unido deixou de formar parte da Unión Europea. A partir desta data, neste informe, toda referencia á Unión Europea referirase á Unión Europea con 27 membros (UE27), excluído o Reino Unido.

#### 4.- INFORMACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS


O peso de Galicia no conxunto de España, en decembro de 2020, ascende ao 8,6% no total de exportacións e ao 6,2% nas importacións, e presenta unhas taxas de variación interanual do 6,8% e do -1,4% respectivamente.

O aumento das exportacións en España<sup>2</sup> no mes de decembro de 2020 (0,9%) vén explicada pola evolución positiva de dez comunidades autónomas, entre as que sobresaen Cataluña e Madrid, que suman 3,0 puntos á taxa de variación das exportacións entre todas.

En canto ás importacións, a diminución do 3,3% no conxunto do Estado vén provocada polas baixadas rexistradas en dez das dezasete comunidades autónomas, sobre todo as producidas en Andalucía e Murcia, que restan en conxunto 4,0 puntos á taxa de variación das importacións.

#### Gráfico 3. Comercio exterior por Comunidades Autónomas

Decembro 2020. Principais achegas á taxa do total en %




No total deste ano 2020 as exportacións en España presentan unha taxa de variación do -10,0%. Atopamos taxas negativas en dezaseis comunidades autónomas, sendo a achega máis baixa a correspondente a Cataluña. Cunha taxa de crecemento positiva temos soamente a Extremadura. A nosa comunidade, neste ano 2020, amosa unha taxa de variación do -6,0%, cun peso do 8,0% sobre o total e unha contribución de -0,5 puntos á taxa nacional.

No caso das importacións españolas rexístrase un decrecemento do 14,7%. Descenden todas as comunidades, agás Extremadura, e Cataluña amosa o peor comportamento restando 5,2 puntos á taxa final. A comunidade galega presenta unha variación acumulada do -16,2%, cun peso do 6,0% sobre o total das importacións nacionais, e contribúe con -1,0 puntos á variación.

<sup>2</sup> Na comparativa por comunidades autónomas non temos en conta os datos de Ceuta e Melilla por presentar unha porcentaxe practicamente nula no total de exportacións e importacións españolas.


## Gráfico 4. Comercio exterior por Comunidades Autónomas

Xaneiro-decembro 2020. Principais achegas á taxa do total en %



## 5.- EVOLUCIÓN DO COMERCIO EXTERIOR EN GALICIA

Gráfico 5. Taxas de variación anual (%).  
Ciclo tendencia



Fonte: IGE. Elaboración propia

# ANEXO TÁBOAS

COMERCIO EXTERIOR POR CAPÍTULOS E SECCIÓNS TARIC. DECEMBRO 2020. AVANCE DE DATOS									
Produto	Exportacións/Expedicións				Importacións/Introducións				Saldo <sup>(1)</sup>
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	Miles de euros
<b>TOTAL</b>	<b>1.952.585</b>	<b>100,0</b>	<b>6,8</b>	<b>6,8</b>	<b>1.476.439</b>	<b>100,0</b>	<b>-1,4</b>	<b>-1,4</b>	<b>476.146</b>
<b>I. Animais vivos e produtos do reino animal</b>	<b>135.545</b>	<b>6,9</b>	<b>-7,5</b>	<b>-0,6</b>	<b>181.893</b>	<b>12,3</b>	<b>8,5</b>	<b>1,0</b>	<b>-46.348</b>
02 Carne e despozos comestibles	15.805	0,8	-14,0	-0,1	2.445	0,2	3,7	0,0	13.360
03 Pescados, crustáceos, moluscos	101.249	5,2	-6,3	-0,4	176.826	12,0	9,1	1,0	-75.576
04 Leite, produtos lácteos, ovos	12.404	0,6	12,6	0,1	1.211	0,1	-13,4	0,0	11.194
<b>II. Produtos do reino vexetal</b>	<b>17.935</b>	<b>0,9</b>	<b>33,1</b>	<b>0,2</b>	<b>18.159</b>	<b>1,2</b>	<b>-52,6</b>	<b>-1,3</b>	<b>-224</b>
08 Froitas /Froitas, sen conservar	5.790	0,3	-1,3	0,0	7.736	0,5	15,5	0,1	-1.946
10 Cereais	209	0,0	26,7	0,0	1.299	0,1	-94,8	-1,6	-1.090
13 Zumes e extractos vexetais	8.983	0,5	93,9	0,2	3.721	0,3	51,2	0,1	5.261
<b>III. Graxas e aceites animais ou vexetais; prod. do seu desdobraemento; graxas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal</b>	<b>8.154</b>	<b>0,4</b>	<b>60,0</b>	<b>0,2</b>	<b>12.685</b>	<b>0,9</b>	<b>-20,7</b>	<b>-0,2</b>	<b>-4.530</b>
15 Graxas, aceite animal ou vexetal	8.154	0,4	60,0	0,2	12.685	0,9	-20,7	-0,2	-4.530
<b>IV. Produtos das industrias alimenticias; bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre; tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados</b>	<b>75.437</b>	<b>3,9</b>	<b>16,0</b>	<b>0,6</b>	<b>54.902</b>	<b>3,7</b>	<b>-5,4</b>	<b>-0,2</b>	<b>20.535</b>
16 Conservas de carne ou pescado	58.124	3,0	16,7	0,5	31.589	2,1	-0,8	0,0	26.535
22 Bebidas todo tipo (agás zumes)	7.871	0,4	-1,4	0,0	1.961	0,1	99,1	0,1	5.910
23 Residuos da industria alimentaria	5.880	0,3	36,7	0,1	18.827	1,3	-18,7	-0,3	-12.946
<b>V. Produtos minerais</b>	<b>97.026</b>	<b>5,0</b>	<b>-45,8</b>	<b>-4,5</b>	<b>102.355</b>	<b>6,9</b>	<b>-61,8</b>	<b>-11,0</b>	<b>-5.330</b>
25 Sal, xeso, pedras sen traballar	8.319	0,4	28,3	0,1	2.814	0,2	-9,4	0,0	5.505
26 Minerais, escouras e cinzas	361	0,0	-71,6	0,0	14.318	1,0	-12,0	-0,1	-13.957
27 Combustibles, aceites minerais	88.347	4,5	-48,4	-4,5	85.223	5,8	-65,7	-10,9	3.123
<b>VI. Produtos das industrias químicas ou das industrias conexas</b>	<b>45.005</b>	<b>2,3</b>	<b>-27,2</b>	<b>-0,9</b>	<b>37.827</b>	<b>2,6</b>	<b>-19,8</b>	<b>-0,6</b>	<b>7.178</b>
28 Produtos químicos inorgánicos	6.223	0,3	-72,1	-0,9	4.520	0,3	9,4	0,0	1.703
29 Produtos químicos orgánicos	1.794	0,1	-11,5	0,0	9.309	0,6	10,8	0,1	-7.515
30 Produtos farmacéuticos	3.013	0,2	-1,9	0,0	2.001	0,1	-0,9	0,0	1.012
38 Outros produtos químicos	13.559	0,7	-25,2	-0,3	11.100	0,8	-56,3	-1,0	2.459
<b>VII. Materias plásticas e manufacturas destas materias; caucho e manufacturas de caucho</b>	<b>28.956</b>	<b>1,5</b>	<b>26,8</b>	<b>0,3</b>	<b>36.238</b>	<b>2,5</b>	<b>12,0</b>	<b>0,3</b>	<b>-7.282</b>
39 Materias plásticas e as súas manufacturas	26.335	1,3	27,8	0,3	28.032	1,9	12,2	0,2	-1.698
40 Caucho e as súas manufacturas	2.621	0,1	17,9	0,0	8.205	0,6	11,3	0,1	-5.584
<b>VIII. Pélles, coiros, peletería e manufacturas destas materias; artigos de guarnicióneria ou de talabartería, artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes; manufacturas de tripa</b>	<b>25.830</b>	<b>1,3</b>	<b>21,8</b>	<b>0,3</b>	<b>9.286</b>	<b>0,6</b>	<b>10,0</b>	<b>0,1</b>	<b>16.545</b>
42 Manufacturas de coiro, marroquinería	23.529	1,2	22,7	0,2	8.614	0,6	14,9	0,1	14.914
<b>IX. Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira; cortiza e manufacturas de cortiza; manufacturas de espartería ou cestería</b>	<b>37.042</b>	<b>1,9</b>	<b>26,2</b>	<b>0,4</b>	<b>9.001</b>	<b>0,6</b>	<b>9,7</b>	<b>0,1</b>	<b>28.041</b>
44 Madeira e as súas manufacturas	35.887	1,8	23,5	0,4	8.936	0,6	9,5	0,1	26.951
<b>X. Pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas; refugallo e desperdicios de papel e cartón; papel e as súas aplicacións</b>	<b>25.099</b>	<b>1,3</b>	<b>-1,3</b>	<b>0,0</b>	<b>17.440</b>	<b>1,2</b>	<b>3,5</b>	<b>0,0</b>	<b>7.659</b>
47 Pasta de madeira; papel reciclado	13.009	0,7	-16,6	-0,1	1.633	0,1	80,2	0,0	11.376
48 Papel, cartón; as súas manufacturas	11.441	0,6	25,3	0,1	15.454	1,0	-0,4	0,0	-4.013
<b>XI. Materias téxtiles e as súas manufacturas</b>	<b>507.209</b>	<b>26,0</b>	<b>9,5</b>	<b>2,4</b>	<b>109.642</b>	<b>7,4</b>	<b>-25,1</b>	<b>-2,5</b>	<b>397.568</b>
54 Filamentos sintéticos ou artificiais	5.527	0,3	-36,3	-0,2	4.200	0,3	-25,7	-0,1	1.327
55 Fibras sintéticas, artificiais discontinuas	6.036	0,3	-25,2	-0,1	4.016	0,3	-49,4	-0,3	2.020
61 Prendas de vestir, de punto	223.512	11,4	18,6	1,9	48.832	3,3	-5,1	-0,2	174.679
62 Prendas de vestir, non de punto	247.804	12,7	5,4	0,7	34.679	2,3	-40,0	-1,5	213.125
63 Artigos téxtiles-fogar	5.979	0,3	-0,2	0,0	4.505	0,3	0,3	0,0	1.474
<b>XII. Calzado; sombreirería, paraugas, antucos, bastóns, látigos, fustas e as súas partes; plumas preparadas e artigos de plumas; flores artificiais; manufacturas de cabelo</b>	<b>35.211</b>	<b>1,8</b>	<b>-5,0</b>	<b>-0,1</b>	<b>5.644</b>	<b>0,4</b>	<b>-26,9</b>	<b>-0,1</b>	<b>29.567</b>
64 Calzado e as súas partes	33.663	1,7	-4,6	-0,1	5.062	0,3	-31,2	-0,2	28.600
<b>XIII. Manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas; xoiería de fantasía e moedas</b>	<b>29.434</b>	<b>1,5</b>	<b>25,6</b>	<b>0,3</b>	<b>5.698</b>	<b>0,4</b>	<b>-4,7</b>	<b>0,0</b>	<b>23.736</b>
68 Manufacturas de pedra, xeso	24.161	1,2	29,4	0,3	3.019	0,2	34,9	0,1	21.142
70 Vidrio e as súas manufacturas	4.056	0,2	11,9	0,0	2.103	0,1	-27,5	-0,1	1.953
<b>XIV. Perlas finas ou cultivadas, pedras preciosas e semipreciosas ou semellantes, metais preciosos, chapados de metais preciosos e manufacturas destas materias; xoiería de fantasía e moedas</b>	<b>2.359</b>	<b>0,1</b>	<b>20,7</b>	<b>0,0</b>	<b>2.046</b>	<b>0,1</b>	<b>75,8</b>	<b>0,1</b>	<b>314</b>
<b>XV. Metais comúns e manufacturas destes metais</b>	<b>83.389</b>	<b>4,3</b>	<b>8,2</b>	<b>0,3</b>	<b>141.896</b>	<b>9,6</b>	<b>45,0</b>	<b>2,9</b>	<b>-58.507</b>
72 Fundición, ferro e aceiro	27.493	1,4	1,4	0,0	41.033	2,8	-9,7	-0,3	-13.540
73 Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	15.391	0,8	1,7	0,0	21.891	1,5	13,1	0,2	-6.500
76 Aluminio e manufacturas de aluminio	30.355	1,6	16,1	0,2	64.741	4,4	189,3	2,8	-34.386
<b>XVI. Máquinas e aparellos, material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son en televisión, e as partes e accesorios destes aparellos</b>	<b>76.346</b>	<b>3,9</b>	<b>-10,3</b>	<b>-0,5</b>	<b>182.568</b>	<b>12,4</b>	<b>66,6</b>	<b>4,9</b>	<b>-106.222</b>
84 Máquinas e aparellos mecánicos	49.492	2,5	-2,7	-0,1	63.374	4,3	0,9	0,0	-13.882
85 Aparellos e material eléctrico	26.854	1,4	-21,6	-0,4	119.193	8,1	154,8	4,8	-92.340
<b>XVII. Material de transporte</b>	<b>679.937</b>	<b>34,8</b>	<b>28,5</b>	<b>8,3</b>	<b>516.094</b>	<b>35,0</b>	<b>16,7</b>	<b>4,9</b>	<b>163.843</b>
87 Vehículos automóbiles; tractores	674.758	34,6	28,5	8,2	513.888	34,8	16,5	4,9	160.870
88 Aeronaves; vehículos espaciais	276	0,0	-36,1	0,0	2.014	0,1	266,5	0,1	-1.738
89 Barcos e embarcacións	4.877	0,2	30,2	0,1	106	0,0	-69,8	0,0	4.771
<b>XVIII. Instrumentos e aparellos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, de control ou de precisión; instrumentos e aparellos cirúrxicos; relojería; instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos e aparellos</b>	<b>2.851</b>	<b>0,1</b>	<b>-10,0</b>	<b>0,0</b>	<b>11.224</b>	<b>0,8</b>	<b>25,0</b>	<b>0,2</b>	<b>-8.373</b>
90 Aparellos ópticos, medidas e médicos	1.196	0,1	-32,3	0,0	10.786	0,7	25,1	0,1	-9.589
<b>XIX. Armas e municións, as súas partes e accesorios</b>	<b>16</b>	<b>0,0</b>	<b>19,2</b>	<b>0,0</b>	<b>26</b>	<b>0,0</b>	<b>678,5</b>	<b>0,0</b>	<b>-10</b>
<b>XX. Mercadorías e produtos diversos</b>	<b>15.137</b>	<b>0,8</b>	<b>-23,3</b>	<b>-0,3</b>	<b>18.789</b>	<b>1,3</b>	<b>17,0</b>	<b>0,2</b>	<b>-3.652</b>
94 Móbiles, cadeiras, lámpadas	10.628	0,5	-30,5	-0,3	16.356	1,1	27,1	0,2	-5.728
<b>XXI. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade</b>	<b>13</b>	<b>0,0</b>	<b>320,5</b>	<b>0,0</b>	<b>1.677</b>	<b>0,1</b>	<b>2.361,7</b>	<b>0,1</b>	<b>-1.663</b>
N.C. Non clasificados	24.651	1,3	36,8	0,4	1.351	0,1	37,4	0,0	23.300

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

Nota: Para o cálculo das repercusións empréganse os pesos do mesmo mes do ano anterior

COMERCIO EXTERIOR POR CAPÍTULOS E SECCIÓNS TARIC. XANEIRO-DECEMBRO 2020. AVANCE DE DATOS

Produto	Exportacións/Expedicións				Importacións/Introducións				Saldo <sup>(1)</sup>
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Repercusión	
<b>TOTAL</b>	<b>20.871.651</b>	<b>100,0</b>	<b>-6,0</b>	<b>-6,0</b>	<b>16.597.360</b>	<b>100,0</b>	<b>-16,2</b>	<b>-16,2</b>	<b>4.274.290</b>
<b>I. Animais vivos e produtos do reino animal</b>	<b>1.728.105</b>	<b>8,3</b>	<b>-8,5</b>	<b>-0,7</b>	<b>2.039.859</b>	<b>12,3</b>	<b>-7,5</b>	<b>-0,8</b>	<b>-311.753</b>
02 Carne e despozos comestibles	209.206	1,0	2,4	0,0	22.998	0,1	-15,1	0,0	186.208
03 Pescados, crustáceos, moluscos	1.241.446	5,9	-13,7	-0,9	1.975.917	11,9	-7,5	-0,8	-734.472
04 Leite, produtos lácteos, ovos	182.217	0,9	26,7	0,2	19.518	0,1	-5,3	0,0	162.699
<b>II. Produtos do reino vexetal</b>	<b>219.583</b>	<b>1,1</b>	<b>2,7</b>	<b>0,0</b>	<b>316.706</b>	<b>1,9</b>	<b>-12,5</b>	<b>-0,2</b>	<b>-97.123</b>
08 Froitas /Froitas, sen conservar	66.387	0,3	-1,3	0,0	50.953	0,3	27,2	0,1	15.434
10 Cereais	3.978	0,0	34,2	0,0	156.486	0,9	-24,1	-0,3	-152.508
13 Zumes e extractos vexetais	112.643	0,5	10,2	0,0	44.092	0,3	-4,7	0,0	68.551
<b>III. Graxas e aceites animais ou vexetais; prod. do seu desdobraemento; graxas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal</b>	<b>76.810</b>	<b>0,4</b>	<b>20,1</b>	<b>0,1</b>	<b>259.813</b>	<b>1,6</b>	<b>24,5</b>	<b>0,3</b>	<b>-183.004</b>
15 Graxas, aceite animal ou vexetal	76.810	0,4	20,1	0,1	259.813	1,6	24,5	0,3	-183.004
<b>IV. Produtos das industrias alimenticias; bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre; tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados</b>	<b>1.101.150</b>	<b>5,3</b>	<b>18,5</b>	<b>0,8</b>	<b>821.271</b>	<b>4,9</b>	<b>-0,7</b>	<b>0,0</b>	<b>279.879</b>
16 Conservas de carne ou pescado	876.726	4,2	20,5	0,7	572.975	3,5	-6,2	-0,2	303.751
22 Bebidas todo tipo (agás zumes)	120.094	0,6	17,8	0,1	18.485	0,1	13,3	0,0	101.609
23 Residuos da industria alimentaria	62.481	0,3	18,2	0,0	198.318	1,2	18,0	0,2	-135.837
<b>V. Produtos minerais</b>	<b>895.238</b>	<b>4,3</b>	<b>-44,9</b>	<b>-3,3</b>	<b>1.610.931</b>	<b>9,7</b>	<b>-51,5</b>	<b>-8,6</b>	<b>-715.693</b>
25 Sal, xeso, pedras sen traballar	114.593	0,5	3,1	0,0	53.609	0,3	0,0	0,0	60.985
26 Minerais, escouras e cinzas	11.501	0,1	30,7	0,0	170.850	1,0	-20,7	-0,2	-159.349
27 Combustibles, aceites minerais	769.144	3,7	-48,9	-3,3	1.386.472	8,4	-54,6	-8,4	-617.328
<b>VI. Produtos das industrias químicas ou das industrias conexas</b>	<b>757.478</b>	<b>3,6</b>	<b>-9,1</b>	<b>-0,3</b>	<b>480.601</b>	<b>2,9</b>	<b>-15,6</b>	<b>-0,4</b>	<b>276.877</b>
28 Produtos químicos inorgánicos	171.482	0,8	-24,0	-0,2	59.314	0,4	-22,0	-0,1	112.169
29 Produtos químicos orgánicos	20.622	0,1	-50,8	-0,1	120.530	0,7	2,3	0,0	-99.909
30 Produtos farmacéuticos	46.352	0,2	-8,2	0,0	46.691	0,3	59,9	0,1	-339
38 Outros produtos químicos	336.723	1,6	4,0	0,1	141.140	0,9	-34,4	-0,4	195.583
<b>VII. Materias plásticas e manufacturas destas materias; caucho e manufacturas de caucho</b>	<b>325.920</b>	<b>1,6</b>	<b>7,7</b>	<b>0,1</b>	<b>406.985</b>	<b>2,5</b>	<b>-9,7</b>	<b>-0,2</b>	<b>-81.065</b>
39 Materias plásticas e as súas manufacturas	290.798	1,4	10,6	0,1	308.525	1,9	-10,6	-0,2	-17.726
40 Caucho e as súas manufacturas	35.121	0,2	-11,2	0,0	98.460	0,6	-6,6	0,0	-63.339
<b>VIII. Peles, coiros, peletería e manufacturas destas materias; artigos de guarniciónaria ou de talabartería, artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes; manufacturas de tripa</b>	<b>149.619</b>	<b>0,7</b>	<b>-31,9</b>	<b>-0,3</b>	<b>73.381</b>	<b>0,4</b>	<b>-39,2</b>	<b>-0,2</b>	<b>76.238</b>
42 Manufacturas de coiro, marroquinería	125.771	0,6	-30,9	-0,3	67.438	0,4	-40,1	-0,2	58.333
<b>IX. Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira; cortiza e manufacturas de cortiza; manufacturas de espartaría ou de cestería</b>	<b>450.727</b>	<b>2,2</b>	<b>-5,2</b>	<b>-0,1</b>	<b>109.867</b>	<b>0,7</b>	<b>-10,1</b>	<b>-0,1</b>	<b>340.860</b>
44 Madeira e as súas manufacturas	444.539	2,1	-5,0	-0,1	108.691	0,7	-10,1	-0,1	335.848
<b>X. Pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas; refugallo e desperdicios de papel e cartón; papel e as súas aplicacións</b>	<b>254.328</b>	<b>1,2</b>	<b>-21,1</b>	<b>-0,3</b>	<b>212.037</b>	<b>1,3</b>	<b>-9,5</b>	<b>-0,1</b>	<b>42.291</b>
47 Pasta de madeira; papel reciclado	136.598	0,7	-31,2	-0,3	20.556	0,1	-39,1	-0,1	116.042
48 Papel, cartón; as súas manufacturas	109.614	0,5	-7,1	0,0	186.207	1,1	-4,2	0,0	-76.593
<b>XI. Materias téxtiles e as súas manufacturas</b>	<b>4.376.721</b>	<b>21,0</b>	<b>-25,0</b>	<b>-6,6</b>	<b>1.702.120</b>	<b>10,3</b>	<b>-16,3</b>	<b>-1,7</b>	<b>2.674.601</b>
54 Filamentos sintéticos ou artificiais	109.895	0,5	-20,3	-0,1	101.532	0,6	-17,0	-0,1	8.363
55 Fibras sintéticas, artificiais discontinuas	89.321	0,4	-26,3	-0,1	99.447	0,6	-21,5	-0,1	-10.126
61 Prendas de vestir, de punto	1.705.256	8,2	-15,1	-1,4	689.043	4,2	14,4	0,4	1.016.213
62 Prendas de vestir, non de punto	2.216.181	10,6	-31,8	-4,7	496.778	3,0	-44,4	-2,0	1.719.404
63 Artigos téxtiles-fogar	59.028	0,3	-24,9	-0,1	110.792	0,7	130,6	0,3	-51.764
<b>XII. Calzado; sombreirería, paraguas, antucas, bastóns, látigos, fustas e as súas partes; plumas preparadas e artigos de plumas; flores artificiais; manufacturas de cabelo</b>	<b>347.683</b>	<b>1,7</b>	<b>-24,7</b>	<b>-0,5</b>	<b>93.286</b>	<b>0,6</b>	<b>-31,8</b>	<b>-0,2</b>	<b>254.397</b>
64 Calzado e as súas partes	332.796	1,6	-24,6	-0,5	83.058	0,5	-33,1	-0,2	249.738
<b>XIII. Manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas; xolería de fantasía e moedas</b>	<b>404.084</b>	<b>1,9</b>	<b>0,4</b>	<b>0,0</b>	<b>69.344</b>	<b>0,4</b>	<b>-14,1</b>	<b>-0,1</b>	<b>334.739</b>
68 Manufacturas de pedra, xeso	345.141	1,7	2,0	0,0	25.755	0,2	-11,9	0,0	319.386
70 Vidrio e as súas manufacturas	45.014	0,2	-5,1	0,0	33.833	0,2	-18,9	0,0	11.181
<b>XIV. Perlas finas ou cultivadas, pedras preciosas e semipreciosas ou semellantes, metais preciosos, chapados de metais preciosos e manufacturas destas materias; xolería de fantasía e moedas</b>	<b>18.991</b>	<b>0,1</b>	<b>-33,6</b>	<b>0,0</b>	<b>13.580</b>	<b>0,1</b>	<b>-34,0</b>	<b>0,0</b>	<b>5.411</b>
<b>XV. Metais comúns e manufacturas destes metais</b>	<b>1.221.397</b>	<b>5,9</b>	<b>-9,1</b>	<b>-0,5</b>	<b>1.493.173</b>	<b>9,0</b>	<b>-9,7</b>	<b>-0,8</b>	<b>-271.776</b>
72 Fundición, ferro e aceiro	414.082	2,0	-6,7	-0,1	647.954	3,9	-12,5	-0,5	-233.872
73 Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	196.217	0,9	-4,6	0,0	211.180	1,3	-19,6	-0,3	-14.963
76 Aluminio e manufacturas de aluminio	502.379	2,4	-10,8	-0,3	496.538	3,0	3,9	0,1	5.840
<b>XVI. Máquinas e aparellos, material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son en televisión, e as partes e accesorios destes aparellos</b>	<b>964.827</b>	<b>4,6</b>	<b>-28,9</b>	<b>-1,8</b>	<b>1.435.658</b>	<b>8,6</b>	<b>3,0</b>	<b>0,2</b>	<b>-470.832</b>
84 Máquinas e aparellos mecánicos	583.832	2,8	-9,9	-0,3	652.656	3,9	-20,5	-0,9	-68.824
85 Aparellos e material eléctrico	380.995	1,8	-46,3	-1,5	783.002	4,7	36,7	1,1	-402.008
<b>XVII. Material de transporte</b>	<b>7.075.777</b>	<b>33,9</b>	<b>33,3</b>	<b>8,0</b>	<b>5.073.526</b>	<b>30,6</b>	<b>-12,0</b>	<b>-3,5</b>	<b>2.002.251</b>
87 Vehículos automóbiles; tractores	6.733.281	32,3	33,3	7,6	5.058.645	30,5	-11,7	-3,4	1.674.636
88 Aeronaves; vehículos espaciais	9.927	0,0	17,7	0,0	7.022	0,0	-25,5	0,0	2.905
89 Barcos e embarcacións	332.215	1,6	34,6	0,4	6.611	0,0	-74,5	-0,1	325.605
<b>XVIII. Instrumentos e aparellos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, de control ou de precisión; instrumentos e aparellos cirúrxicos; relojería; instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos e aparellos</b>	<b>41.861</b>	<b>0,2</b>	<b>6,7</b>	<b>0,0</b>	<b>139.755</b>	<b>0,8</b>	<b>57,8</b>	<b>0,3</b>	<b>-97.894</b>
90 Aparellos ópticos, medidas e médicos	27.906	0,1	19,9	0,0	136.770	0,8	61,1	0,3	-108.864
<b>XIX. Armas e municións, as súas partes e accesorios</b>	<b>419</b>	<b>0,0</b>	<b>92,1</b>	<b>0,0</b>	<b>329</b>	<b>0,0</b>	<b>-94,3</b>	<b>0,0</b>	<b>90</b>
<b>XX. Mercadorías e produtos diversos</b>	<b>193.228</b>	<b>0,9</b>	<b>-33,5</b>	<b>-0,4</b>	<b>230.538</b>	<b>1,4</b>	<b>11,8</b>	<b>0,1</b>	<b>-37.310</b>
94 Mobles, cadeiras, lámpadas	145.589	0,7	-37,0	-0,4	199.169	1,2	15,0	0,1	-53.581
<b>XXI. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade</b>	<b>151</b>	<b>0,0</b>	<b>-61,6</b>	<b>0,0</b>	<b>2.935</b>	<b>0,0</b>	<b>399,5</b>	<b>0,0</b>	<b>-2.784</b>
N.C. Non clasificados	267.554	1,3	2,9	0,0	11.666	0,1	-2,1	0,0	255.888

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

Nota: Para o cálculo das repercusións empréganse os pesos do mesmo mes do ano anterior



**COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. DECEMBRO 2020. AVANCE DE DATOS**

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
<b>TOTAL</b>	<b>1.952.585</b>	<b>100,0</b>	<b>6,8</b>	<b>1.476.439</b>	<b>100,0</b>	<b>-1,4</b>
<b>EUROPA</b>	<b>1.627.764</b>	<b>83,4</b>	<b>7,3</b>	<b>928.304</b>	<b>62,9</b>	<b>0,9</b>
<b>UE27</b>	<b>1.398.882</b>	<b>71,6</b>	<b>3,4</b>	<b>820.592</b>	<b>55,6</b>	<b>3,4</b>
<b>Zona Euro</b>	<b>1.172.731</b>	<b>60,1</b>	<b>-2,2</b>	<b>783.476</b>	<b>53,1</b>	<b>3,6</b>
Alemaña	68.598	3,5	-21,1	49.516	3,4	-14,8
Bélxica	66.256	3,4	30,7	11.693	0,8	-33,3
Francia	454.421	23,3	0,5	466.540	31,6	14,3
Grecia	31.733	1,6	-2,5	2.069	0,1	132,4
Irlanda	29.459	1,5	45,5	2.622	0,2	-7,8
Italia	159.524	8,2	3,0	50.553	3,4	-17,4
Países Baixos	70.671	3,6	-25,9	28.431	1,9	6,4
Portugal	247.124	12,7	-7,0	135.105	9,2	-2,2
Eslovaquia	9.834	0,5	3,9	19.576	1,3	-27,6
<b>Resto UE27</b>	<b>216.286</b>	<b>11,1</b>	<b>48,2</b>	<b>33.491</b>	<b>2,3</b>	<b>-3,5</b>
Dinamarca	20.661	1,1	160,2	4.771	0,3	-49,9
Suecia	21.304	1,1	28,4	7.692	0,5	35,8
Polonia	115.536	5,9	94,2	6.782	0,5	21,8
Romanía	24.982	1,3	-4,6	2.300	0,2	-44,3
<b>RESTO DE EUROPA</b>	<b>228.882</b>	<b>11,7</b>	<b>39,7</b>	<b>107.712</b>	<b>7,3</b>	<b>-14,9</b>
Reino Unido	131.981	6,8	23,9	66.844	4,5	175,7
Turquía	44.635	2,3	48,3	24.707	1,7	-29,9
<b>AMÉRICA</b>	<b>136.182</b>	<b>7,0</b>	<b>13,9</b>	<b>157.019</b>	<b>10,6</b>	<b>-14,6</b>
<b>AMÉRICA DO NORTE</b>	<b>52.730</b>	<b>2,7</b>	<b>2,5</b>	<b>10.575</b>	<b>0,7</b>	<b>-39,8</b>
Estados Unidos	47.000	2,4	1,0	9.984	0,7	-41,8
<b>AMÉRICA LATINA</b>	<b>83.004</b>	<b>4,3</b>	<b>22,8</b>	<b>108.880</b>	<b>7,4</b>	<b>-33,0</b>
México	18.928	1,0	9,9	43.274	2,9	-35,7
Arxentina	6.765	0,3	88,0	35.397	2,4	-2,4
<b>ASIA</b>	<b>79.352</b>	<b>4,1</b>	<b>-7,3</b>	<b>218.089</b>	<b>14,8</b>	<b>51,0</b>
Oriente Medio	36.868	1,9	35,7	5.694	0,4	41,9
China	10.754	0,6	-19,7	139.472	9,4	121,1
Bangladesh	8	0,0	-88,4	18.680	1,3	16,0
<b>ÁFRICA</b>	<b>97.504</b>	<b>5,0</b>	<b>1,5</b>	<b>165.540</b>	<b>11,2</b>	<b>-32,2</b>
Libia	809	0,0	-50,6	28.489	1,9	-50,3
Marrocos	61.269	3,1	2,2	58.880	4,0	1,0
Namibia	1.290	0,1	-36,4	18.774	1,3	17,6

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

**COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. XANEIRO-DECEMBRO 2020. AVANCE DE DATOS**

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
<b>TOTAL</b>	<b>20.871.651</b>	<b>100,0</b>	<b>-6,0</b>	<b>16.597.360</b>	<b>100,0</b>	<b>-16,2</b>
<b>EUROPA</b>	<b>17.402.231</b>	<b>78,4</b>	<b>-3,4</b>	<b>10.339.900</b>	<b>52,2</b>	<b>-13,5</b>
<b>UE27</b>	<b>15.059.486</b>	<b>67,8</b>	<b>-4,0</b>	<b>9.060.023</b>	<b>45,7</b>	<b>-12,4</b>
<b>Zona Euro</b>	<b>13.112.110</b>	<b>59,1</b>	<b>-4,4</b>	<b>8.512.618</b>	<b>43,0</b>	<b>-12,6</b>
Alemaña	1.066.547	4,8	-12,5	667.167	3,4	-9,8
Austria	84.583	0,4	-28,3	80.161	0,4	2,8
Bélxica	738.718	3,3	-0,7	172.965	0,9	-29,2
Finlandia	55.595	0,3	0,8	73.439	0,4	-10,0
Francia	5.101.299	23,0	20,3	4.523.153	22,8	-14,8
Grecia	276.480	1,2	-25,8	19.819	0,1	78,5
Irlanda	167.530	0,8	-18,4	32.837	0,2	2,9
Italia	1.757.592	7,9	-10,6	701.881	3,5	-11,1
Luxemburgo	26.445	0,1	-37,2	8.712	0,0	-10,0
Países Baixos	762.787	3,4	-32,6	274.150	1,4	-12,9
Portugal	2.729.242	12,3	-14,5	1.702.302	8,6	-6,2
Chipre	36.671	0,2	-32,0	1.680	0,0	1.031,1
Eslovaquia	137.313	0,6	-6,4	216.718	1,1	-20,7
Eslovenia	47.067	0,2	-21,1	8.260	0,0	-16,6
Estonia	51.554	0,2	-8,1	6.398	0,0	-74,6
Letonia	15.327	0,1	-28,2	1.245	0,0	-44,3
Lituania	27.031	0,1	-23,5	21.716	0,1	142,7
Malta	30.329	0,1	-49,6	17	0,0	18,3
<b>Resto UE27</b>	<b>1.837.690</b>	<b>8,3</b>	<b>-0,8</b>	<b>509.965</b>	<b>2,6</b>	<b>-8,6</b>
Dinamarca	156.504	0,7	20,0	68.822	0,3	-48,9
Suecia	201.693	0,9	-4,5	139.860	0,7	77,6
Hungría	75.960	0,3	-25,7	9.181	0,0	-25,0
Polonia	921.810	4,2	15,7	91.825	0,5	-14,4
República Checa	142.889	0,6	5,8	102.452	0,5	-10,6
Bulgaria	44.615	0,2	-25,5	26.946	0,1	23,9
Romanía	203.382	0,9	-28,6	53.336	0,3	-28,5
Croacia	90.836	0,4	-31,3	17.542	0,1	24,9
<b>RESTO DE EUROPA</b>	<b>2.342.745</b>	<b>10,6</b>	<b>0,2</b>	<b>1.279.877</b>	<b>6,5</b>	<b>-20,5</b>
Reino Unido	1.345.970	6,1	-10,5	484.501	2,4	-0,9
Turquía	468.833	2,1	42,3	388.931	2,0	-35,2
Rusia	97.457	0,4	-16,9	154.232	0,8	-32,9
<b>AMÉRICA</b>	<b>1.226.474</b>	<b>5,5</b>	<b>-30,1</b>	<b>2.115.796</b>	<b>10,7</b>	<b>-20,4</b>
<b>AMÉRICA DO NORTE</b>	<b>504.736</b>	<b>2,3</b>	<b>-36,5</b>	<b>481.966</b>	<b>2,4</b>	<b>10,8</b>
Estados Unidos	415.858	1,9	-30,7	467.008	2,4	17,0
<b>AMÉRICA LATINA</b>	<b>692.120</b>	<b>3,1</b>	<b>-27,2</b>	<b>1.393.822</b>	<b>7,0</b>	<b>-28,2</b>
México	186.236	0,8	-21,0	405.824	2,0	-45,0
Arxentina	62.324	0,3	-0,9	323.271	1,6	6,9
Ecuador	36.196	0,2	-29,7	214.002	1,1	-23,1
<b>ASIA</b>	<b>882.894</b>	<b>4,0</b>	<b>-21,0</b>	<b>2.239.886</b>	<b>11,3</b>	<b>-5,9</b>
Oriente Medio	281.504	1,3	-27,5	67.611	0,3	-30,0
Xapón	124.019	0,6	26,0	31.348	0,2	-84,3
China	187.589	0,8	-25,3	1.188.022	6,0	21,2
Indonesia	20.733	0,1	-34,7	209.324	1,1	-20,8
Bangladesh	386	0,0	-50,7	193.411	1,0	-9,9
<b>ÁFRICA</b>	<b>1.000.387</b>	<b>4,5</b>	<b>-15,2</b>	<b>1.808.805</b>	<b>9,1</b>	<b>-33,4</b>
Libia	10.145	0,0	-20,6	135.886	0,7	-83,1
Marrocos	622.169	2,8	-16,4	734.491	3,7	8,3
Namibia	31.502	0,1	24,6	188.254	1,0	-6,3

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

**COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. DICIEMBRE 2020. AVANCE DE DATOS**

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) <sup>(1)</sup>
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
<b>TOTAL</b>	<b>22.761.733</b>	<b>100,0</b>	<b>0,9</b>	<b>23.834.734</b>	<b>100,0</b>	<b>-3,3</b>	<b>95,5</b>
Andalucía	2.626.120	11,5	-3,2	2.050.609	8,6	-25,3	128,1
Aragón	1.117.727	4,9	5,0	833.009	3,5	2,4	134,2
Asturias (Principado de)	294.918	1,3	-43,3	292.392	1,2	-5,1	100,9
Baleares (Illes)	157.637	0,7	33,5	80.756	0,3	15,4	195,2
Canarias	172.408	0,8	-51,1	187.064	0,8	-46,8	92,2
Cantabria	188.795	0,8	16,7	150.172	0,6	-7,9	125,7
Castilla y León	951.232	4,2	-6,9	799.360	3,4	-5,0	119,0
Castilla-La Mancha	604.185	2,7	1,8	966.387	4,1	16,1	62,5
Cataluña	5.759.199	25,3	6,5	6.455.225	27,1	0,1	89,2
Comunidad Valenciana	2.552.945	11,2	4,2	2.246.496	9,4	8,4	113,6
Extremadura	138.379	0,6	5,7	146.388	0,6	26,7	94,5
<b>Galicia</b>	<b>1.952.585</b>	<b>8,6</b>	<b>6,8</b>	<b>1.476.439</b>	<b>6,2</b>	<b>-1,4</b>	<b>132,2</b>
Madrid (Comunidad de)	2.794.175	12,3	13,6	5.561.442	23,3	5,8	50,2
Murcia (Región de)	874.750	3,8	3,7	670.794	2,8	-31,1	130,4
Navarra (Comunidad Foral de)	682.407	3,0	-9,5	389.325	1,6	-7,4	175,3
Pais Vasco	1.637.597	7,2	-10,0	1.292.259	5,4	-14,4	126,7
Rioja (La)	127.506	0,6	-1,6	93.928	0,4	-2,9	135,7
Ceuta	1.611	0,0	21,2	1.801	0,0	-90,3	89,4
Melilla	1.549	0,0	37,3	1.444	0,0	-77,9	107,3
Sen determinar	126.007	0,6	-36,9	139.444	0,6	18,8	90,4

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

**COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. XANEIRO-DECEMBRO 2020. AVANCE DE DATOS**

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) <sup>(1)</sup>
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
<b>TOTAL</b>	<b>261.175.458</b>	<b>100,0</b>	<b>-10,0</b>	<b>274.597.539</b>	<b>100,0</b>	<b>-14,7</b>	<b>95,1</b>
Andalucía	27.831.866	10,7	-12,3	24.673.313	9,0	-19,2	112,8
Aragón	13.390.403	5,1	-0,6	10.468.148	3,8	-9,1	127,9
Asturias (Principado de)	3.912.680	1,5	-19,0	3.082.010	1,1	-23,1	127,0
Baleares (Illes)	1.604.152	0,6	-10,4	994.414	0,4	-34,4	161,3
Canarias	1.778.723	0,7	-33,3	2.377.863	0,9	-33,5	74,8
Cantabria	2.465.216	0,9	-5,7	1.780.616	0,6	-17,9	138,4
Castilla y León	12.492.606	4,8	-14,2	10.017.177	3,6	-18,1	124,7
Castilla-La Mancha	7.188.120	2,8	-4,5	9.285.660	3,4	0,0	77,4
Cataluña	66.265.376	25,4	-10,3	75.680.536	27,6	-18,1	87,6
Comunidad Valenciana	28.622.952	11,0	-8,1	24.965.664	9,1	-12,2	114,6
Extremadura	2.155.253	0,8	3,2	1.413.634	0,5	1,8	152,5
<b>Galicia</b>	<b>20.871.651</b>	<b>8,0</b>	<b>-6,0</b>	<b>16.597.360</b>	<b>6,0</b>	<b>-16,2</b>	<b>125,8</b>
Madrid (Comunidad de)	29.254.211	11,2	-6,2	62.074.831	22,6	-3,6	47,1
Murcia (Región de)	9.929.625	3,8	-6,0	8.110.566	3,0	-26,6	122,4
Navarra (Comunidad Foral de)	8.832.266	3,4	-13,0	4.609.781	1,7	-15,7	191,6
Pais Vasco	20.858.665	8,0	-17,8	15.700.104	5,7	-22,0	132,9
Rioja (La)	1.692.155	0,6	-10,6	1.245.829	0,5	-12,8	135,8
Ceuta	14.383	0,0	35,0	113.877	0,0	-49,8	12,6
Melilla	18.351	0,0	-6,1	25.239	0,0	-73,3	72,7
Sen determinar	1.996.805	0,8	-16,3	1.380.917	0,5	-41,5	144,6

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

## Notas metodolóxicas

A información do comercio exterior de Galicia provén de rexistros administrativos do “Departamento de Aduanas e Impuestos Especiales” da “Agencia Estatal Tributaria”, que recollen mensualmente as operacións de comercio exterior de bens que se producen en España. Este rexistro administrativo, para o Comercio con terceiros países, ten como base a Declaración de despacho en Aduana (DUA ou Documento Único Administrativo). Para o Comercio intracomunitario, dende o ano 1993, non existen fronteiras entre os países que integran a Unión Europea nin, polo tanto, formalidades aduaneiras. Por tanto, en xeral, estableceuse a obriga por parte dos operadores económicos de formalizar a Declaración estatística Intrastat, que recolle as correspondentes operacións intracomunitarias. Dita declaración constitúe a base para a obtención dos datos estatísticos do comercio entre os Estados membros.

Na estatística de comercio exterior e intracomunitario preséntanse os seguintes fluxos:

**Expedicións:** comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluíndo o resto de España).

**Exportacións:** comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

**Introducións:** comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal do resto da UE (excluíndo o resto de España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

**Importacións** comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Para as definicións das áreas utilízase a xeonomenclatura elaborada por Eurostat.

Os datos deste informe proveñen da información subministrada polo “Ministerio de Industria, Comercio y Turismo” na súa páxina web.

Para máis información:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/notasExplicativas/nota\\_explicativa\\_comercio\\_exterior\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/notasExplicativas/nota_explicativa_comercio_exterior_gl.pdf)